

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 23/12/2024
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 12:30 horas do día 23/12/2024 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 16 de decembro de 2024, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2024/4808

Vista a proposta do Servizo da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto do pago de taxas para homoligación sonómetro de dotación oficial ao Laboratorio Oficial de Metrología de Galicia, por un importe total de 398,21€ (IVE incluído).

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4841

Dáse conta do escrito presentado por D. Victor Moledo Pereiro, solicitando autorización para instalar un posto de garrafiñada e castañas na Praza de Galicia do 13/12/2024 ao 30/03/2025.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberá absterse de tirar calquera tipo de residuo ao saneamento municipal.
- Os aceites deben depositarse nos contenedores de aceite.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo

que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2024/4842

Dáse conta do escrito presentado por Dona Yessenia Martinez Marquez e/n NAUTILUS Y A ESPJ, solicitando autorización para celebrar un concerto no interior do Bar Nautilus, na Rúa Camilo Jose Cela nº16 o 27 de decembro dende as 21:00h.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado axustandose ás seguintes condicións:

- Deberá respetarse o horario de fin do concerto que será como máximo ás 00:00 horas
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.

PRP2024/4846

Dáse conta do escrito presentado por Don Julián Ventura Bouzas López solicitando a instalación dun espello, para mellorar a visibilidade na intersección de Rúa da Vía, demandando que cando circula sentido Santiago por Rúa Salgeuiral a visibilidade é pouca para realizar o xiro á esquerda e acceder a rúa da Vía. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e visto o informe da Policía Local acorda comunicar ao Sr. Bouzas López, que a instalación de dito espello non se recomenda por ser perigosa debido á escasa visibilidade, xa que está moi próxima a unha curva pechada á dereita.

PRP2024/4847

Dáse conta do escrito presentado por Asociación Autismo Bata, solicitando a posibilidade de sinalizar fronte a súa sede na rúa Almirante Fontán nº11, para que se permita o estacionamento e a parada de forma exclusiva para usuarios do centro nas franxas horarias de entrada e saída. Visto o informe da Policía Local que sinala que estas paradas xa están permitidas no frontal do centro, non sendo posible realizalo en ambas marxes debido á configuración da rúa. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda non acceder a solicitado.

PRP2024/4857

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria del Carmen Barcala Fernandez solicitando a sinalización dunha praza de discapacitados nas inmediacións do número 187 da Avda. Rosalía de Castro.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha praza de discapacitados fronte ao número 187 da Avda. Rosalía de Castro, en cuxo baixo hai instalada unha farmacia, e onde está habilitada unha praza reservada a clientes do establecemento, polo que o lugar ideal e a continuación desta reserva, sendo a mesma con carácter xenérico, podendo ser ocupada por calquera persoa con autorización.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras (Álvaro) e Policía Local.

PRP2024/4871

Dáse conta do escrito presentado por Dona Paz López Prado, solicitando o acondicionamento das beirarrúas da rúa Agustín Romero, para a accesibilidade de persoas con certas discapacidades físicas e os seus familiares.

Dáse conta do informe da Policía Local sinalando que o acceso pola beirarrúa esquerda con sentido A Lomba, é certamente moi complicado, existindo antigos vaos permanentes con acceso máis baixos que o nivel da estrada o que corta por completo o paso a estas persoas pola beirarrúa,

sendo preciso circular pola calzada co problema de volver acceder á beirarrúa ao non dispoñer de ramplas de acceso ás mesmas, así como varios puntos nesta beirarrúa para cadeiras de rodas. A Xunta de Goberno Local acorda remitir á solicitude á Xunta de Galicia titular da vía onde se precisa a actuación.

PRP2024/4872

Dáse conta do escrito presentado por Don Juan Mario Huygens solicitando a eliminación de chanzo fronte ao portal de acceso ao edificio nº22 da Rúa Duque de Terranova.

Dáse conta do informe da Policía Local sinalando que, efectivamente existe un chanzo duns 15 centímetros que presenta a rampla de acceso ao portal do edificio con respecto ao nivel da beirarrúa.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicar aos propietarios da comunidade do edificio que deberán realizar o rebaixe na rampla, xa que ao construíla non se igualou ao nivel da beirarrúa, sen ter en conta os problemas de accesibilidade dos diferentes veciños.

PRP2024/4888

Dáse conta do escrito presentado por Don Daniel Prieto SanMartín en relación ao problema de seguridade na Rúa Marxión, en horario coincidente coa entrada dos escolares no Anexo a Lomba. A Xunta de Goberno, visto o informe da Policía Local acorda pechar a zona peonil con bolardos dende o primeiro tramo, ata rematar o muro de peche do estacionamento disuasorio.

PRP2024/4945

Dáse conta da comunicación presentada por Ricardo Resua S.L. sobre o servizo pirotécnico que teñen contratado para o día 18 de decembro de 2024, con motivo da celebración da Nosa Señora da Oz.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/4952

Dáse conta da comunicación presentada por Don Alberto Millarengo Agullo, en relación ao servizo pirotécnico que teñen contratado para o día 14 de decembro de 2024, con motivo da celebración dunha misa en Carril.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/4915

Dáse conta do escrito presentado por Don Rafael Barreiro Moroño solicitando autorización para celebrar concertos acústicos no exterior do local "A Bolsa" os días 24 e 31 de decembro de 2024, dende as 13:00 horas.

A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda acceder ao solicitado.

PRP2024/4922

Dáse conta de solicitude de Bloque Nacionalista Galego para ocupación de vía pública na entrada do Auditorio Municipal o día 20 de decembro de 2024, en horario de 18:00 a 20:30 horas, así como a cesión dunha mesa e dúas cadeiras.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/4924

Dáse conta de solicitude de Bloque Nacionalista Galego para ocupación de vía pública na entrada do Auditorio Municipal o día 18 de decembro de 2024, en horario de 18:00 a 20:30 horas, así como a cesión dunha mesa e dúas cadeiras.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/4927

Visto o escrito de Dona Maria Fátima de los Santos de las Flores, solicitando autorización para instalar un posto de venda de pistolas de pombas e globos de helio en Praza Ravella o 31 de decembro de 2024, con motivo da celebración da toma de uvas. Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado.

A presente autorización concedese condicionada a ao seguinte:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2024/4972

Dáse conta da seguinte proposta do Departamento de Parques e Xardíns:

Constan sendas denuncias ao vehículo matrícula 8223 MFS propiedade do Concello por circular o día 21/06/2024, ás 11:21 horas pola vía N-640A P.Km: 234.9 por incumprir o artigo 12.5.1 do Regulamento Xeral de vehículos “por circular co vehículo con pneumáticos que non presentan debuxo nas fendas principais da banda de rodamento. Pneumático do remolque lixeiro que arrastra”, unha denuncia pola roda do eixe traseiro lado dereito (núm. de expediente 36-070-510.815-3) e outra denuncia pola oda do eixe dianteiro lado esquerdo (núm. de expediente 36-070-510.816-5) para o que se impuxeron unha multa de 200 euros por cada denuncia. Resulta oportuno proceder ao seu pagamento no prazo máis breve posible, xa que as dúas débedas están en vía executiva.

Por todo isto a Xunta de Goberno Local acorda:

O recoñecemento da obriga, a aprobación do gasto e aboamento das dúas multas por importe de 400 € co aboamento da carta de pagamento con número de referencia (clave de liquidación) K1610124322416962 por un importe de 200 € e a carta de pagamento con número de referencia (clave de liquidación) K1610124322416973 por un importe de 200.

RECURSOS HUMANOS

PRP2024/4881

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencia a sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 30 de novembro de 2024, por un importe total de 7.300,00€ e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	PLENOS E XGL		COMISIONS INFORMATIVAS		MESA CONTRATACIÓN XERENCIA URBANISMO		TOTAL EUROS
	Nº sesións	DIETAS	Nº sesións	DIETAS	Nº sesións	DIETAS	
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO	3	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	450,00 €
D. CARLOS COIRA LOJO	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	1050,00 €
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	1050,00 €
Dª LUZ MARIA ABALO PÉREZ	3	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	750,00 €
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	150,00 €
Dª Mª ELENA SUAREZ SARMIENTO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. JESUS REY RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	2	x 50,00 €	500,00 €
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	150,00 €
Dª MARTA MARÍA FERRADANS PADIN	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. JULIO VARELA CARDALDA	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	1	x 50,00 €	200,00 €
Dª ROSA Mª ABUIN RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	2	x 50,00 €	500,00 €
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €
T O T A L							7300,00 €

PRP2024/4882

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 7.700,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 30 de novembro de 2024, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 27 de xullo de 2023, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación

GRUPO MUNICIPAL	Número concelleiros	Comp. Fixo €	Compoñente variable €	Total Mes xullo
PARTIDO POPULAR G36573152	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
PSdeG-PSOE G36573277	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
BNG V36594372	2	350,00	300,00 x 2 = 600,00 €	950,00 €
ESQUERDA UNIDA V94192663	1	350,00	300,00 x 1 = 300,00 €	650,00 €
T O T A L	7.700,00 €			

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2024/5033

Dáse conta da comunicación do cambio de custo nos menús servizos polo programa Xantar na Casa, xestionado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que pasa a ser o

seguinte a partir do 1 de xaneiro de 2025

Prezo Menú/día	Achega dos usuarios	Achega do Concello	Achega do Consorcio
7,32 €	1,93 € (26,67%)	1,93€ (26,67%)	3,46€ (46,66 %)

Segundo o modelo de cobro establecido, os custos ao mes do Xantar na Casa ás persoas usuarias do servizo será de :

-54,04€ se o reparto no mes é de 4 semanas

-67,55€ se o reparto no mes é de 5 semanas

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EMPREGO

PRP2024/4875

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2024, presentada por NOA PORTAS MOLLINEDO, NIF: 35600355N, e domicilio de notificacións Rúa RAMON PIÑEIRO LOPEZ N°: 1 Lt: Esc: Pt: - VILAGARCIA DE AROUSA, e dirección e-mail a efectos de notificacións LABORALASMEGA@GALICIA.COM, infórmase:

PRIMEIRO. Que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2024

SEGUNDO. Que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa

TERCEIRO. Que revisada a relación de facturas presentadas e da documentación xustificativa aportada pola solicitante (ANEXO II), a cantidade xustificada en concepto de gastos subvencionables ascende a 544,50 Euros, polo que a cantidade a conceder en concepto de axuda é de 272,25 €, sendo que os seguintes conceptos non teñen carácter subvencionable ao abeiro da BASE SEGUNDA (CONTÍA E GASTOS SUBVENCIONABLES):

- Teléfono YAPHONE

Tendo en conta o exposto,

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención, procedendo ao recoñecemento da obriga e o aboamento a Noa Portas Mollinedo, NIF: 35600355N, da cantidade de DOUSCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON VINTECINCO CÉNTIMOS (272,25 €) con cargo á partida 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestaña do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)

PRP2024/4876

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2024, presentada por SUSANA COLORADO JIMENEZ, NIF: 70819405J, e domicilio de notificacións en Avenida ROSALIA DE CASTRO N°: 119 6 Pt: C - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36618, mail: egg@admasesores.com, infórmase

- Que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2024

- Que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa e por tanto procede a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente,

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención, procedendo ao recoñecemento da obriga e o aboamento a favor da solicitante, da cantidade de DOUS MIL CATROCIENTOS CORENTA EN NOVE EUROS CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS (2.449,47), con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestana do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL).

PRP2024/4877

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2024, presentada por SUMA SC, NIF: J19407568, e domicilio de notificacións en Calle ALBARRAN N°: 6 Lt: Esc: Pt: - VILAGARCIA CP:, e dirección e-mail a efectos de notificacións sindemasesores@yahoo.es, infórmase

- Que o solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiario do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2024
- Que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa e por tanto procede a concesión da axuda solicitada.

Tendo en conta o exposto:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención, procedendo ao recoñecemento da obriga e ao aboamento a favor do solicitante, da cantidade de DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500,00 €) con cargo á partida 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestana do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)

PRP2024/4878

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2024, presentada por PATRICIA CANTO BUA, NIF: 35474593Z, e domicilio de notificacións en Rua CASAL N°: 57 - VILAGARCIA DE AROUSA, e dirección e-mail a efectos de notificacións sindemasesores@yahoo.es, infórmase

- Que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2024
- Que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa e por tanto procede a concesión da axuda solicitada.

Tendo en conta o exposto:

A Xunta de Goberno Local acorda a concesión da subvención, procedendo ao recoñecemento da obriga e ao aboamento a favor do do solicitante, da cantidade de SETECENTOS CINCUENTA EUROS (750,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestana do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)

PRP2024/4879

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á

Creación de Empresas 2024, presentada por ALFONSO CONDE OUTES, NIF: 35471081K, e domicilio de notificacións en JULIO CAMBA Nº: 4 Lt: Esc: 01 Pt: B CP: 36611, e dirección e-mail a efectos de notificacións egg@admasesores.com, infórmase:

- Que o solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiario do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2024

- Que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa e por tanto procede a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente,

Tendo en conta o exposto a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención, procedendo ao recoñecemento da obriga e ao aboamento a favor do solicitante da cantidade de DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestana do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)

PRP2024/4883

Dase conta das Resolucións Presidenciais de 13 de novembro de 2024, de aprobación da xustificación final, recoñecemento da obriga e ordear o pagamento restante das subvencións do proxecto Primeira Experiencia Profesional 2023/2024, no marco do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra para financiar parte do custo laboral dos contratos seguintes de duración dun ano a tempo completo:

Nº CONTRATOS E TITULACIÓNS	CUANTÍA TOTAL SUBVENCIÓN	PAGAMENTO ANTICIPADO	PAGO RESTANTE
Adriana Pérez Fernández Grao /Licenciatura ou Diplomatura	16.800€	7.700€	9.100€
Noelia Pérez Roma Grao /Licenciatura ou Diplomatura	16.800€	7.700€	9.100€
María Oubiña Arosa Ciclo Sup Formación Profesional	14.400€	6.600€	7.800€
Sandra Martínez Rivas Ciclo Sup Formación Profesional	13.120€	6.600€	6.520€
TOTAL	61.120€	28.600€	35.520€

Dña. SANDRA MARTÍNEZ RIVAS con nivel de estudos CICLO SUPERIOR DE FORMACIÓN PROFESIONAL finalizou o contrato voluntariamente o 12 de xuño de 2024, en lugar do 14 de xullo de 2024, data na que se cumpriría o período máximo subvencionable dun ano. A base 17.2 da convocatoria “Xustificación e pagamento final” di que: “O Importe reducirase proporcionalmente cando o posto de traballo se cubra por un período inferior a un ano ou existan outras circunstancias que minoren os custes totais presentados pola entidade colaboradora”. Polo que, minórase o importe da subvención máxima outorgada ao concello pola contratación de SANDRA MARTÍNEZ RIVAS en 32 días por finalizar o contrato o día 12 de xuño de 2024 en lugar do 14 de xullo de 2024, data na que se cumpriría o período máximo subvencionable dun ano. En consecuencia, a contía a minorar da totalidade da subvención ascende a 1.280,00 €. Esta cantidade dedúcese do importe da subvención máxima que ascende a 14.400,00€ resultando unha cantidade de 13.120,00 € e que tendo en conta o pagamento anticipado polo importe de 6.600,00

€ resulta o pagamento final ao concello de VILAGARCIA DE AROUSA, pola contratación de SANDRA MARTÍNEZ RIVAS por un importe total 6.520,00 €.

En consecuencia a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a xustificación final.

PRP2024/4894

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2024, presentada por NOEMI BARREIRO DEL RIO, NIF: 35474342Q, e domicilio de notificacións en Avenida CAMBADOS Nº: 60 Lt: A 1 - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600, e dirección e-mail a efectos de notificacións tusinha@hotmail.com, infórmase

PRIMEIRO. Que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2024
SEGUNDO. Que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa

TERCEIRO. Que revisada a relación de facturas presentadas e da documentación xustificativa aportada pola solicitante (ANEXO II), a cantidade xustificada en concepto de gastos subvencionables ascende a 2.688,64 Euros, polo que a cantidade a conceder en concepto de axuda é de 1.344,32 €, sendo que os seguintes conceptos non teñen carácter subvencionable ao abeiro da BASE SEGUNDA (CONTÍA E GASTOS SUBVENCIONABLES):

- Equipamento Pilates

Tendo en conta o exposto,

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención, procedendo ao recoñecemento da obriga e o aboamento a favor da solicitante da cantidade de MIL TRESCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON VINTEDOUS CÉNTIMOS (1.344,22 €) con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestana do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)

PRP2024/4897

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2024, presentada por MARIA DEL MAR MARTINEZ GONZALEZ, NIF: 75245015D, e domicilio de notificacións en Travesía DA XALDA Nº: 14 Lt: B 2 - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36610, mail: mardelacorte1@gmail.com, infórmase

- Que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2024
- Que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa e por tanto procede a concesión da axuda solicitada.

Tendo en conta o exposto,

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención, procedendo ao recoñecemento da obriga e o aboamento a favor da solicitante da cantidade de SEISCENTOS NOVENTA E UN EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (691,70 €) con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestana do

PRP2024/4898

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2024, presentada por BETZI YADERIS PÉREZ GARCÍA, NIF: Y9157128Z, e domicilio de notificacións en GRUPO SAN ROQUE N°: 5 Esc: 3 2° Pt: dcha - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600, mail: LABORAL@MFASESORESCONSULTING.COM, infórmase

- Que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2024
- Que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa e por tanto procede a concesión da axuda solicitada.

Tendo en conta o exposto,

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención, procedendo ao recoñecemento da obriga e o aboamento a favor da solicitante da cantidade de DOUS MIL VINTENOVE EUROS CON CINCUENTA E CINCO EUROS (2.029,55 €) con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestaña do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL).

PRP2024/4962

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2024, presentada por CARLOS CAMPAÑA LORENZO, NIF: 35601881C, e domicilio de notificacións en Rua SAN JUAN BAMIO N°: 21 BAIXO Pt: IZQ - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600, mail: gvilar@afytasesores.com, infórmase

- Que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2024
- Que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa e por tanto procede a concesión da axuda solicitada.

Tendo en conta o exposto,

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención, procedendo ao recoñecemento da obriga e o aboamento a favor da solicitante da cantidade de NOVECIENTOS VINTEDOUS EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (922,59 €) con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestaña do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL).

PRP2024/4967

Rematado o prazo de presentación de solicitudes de axuda dentro do Programa de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea de persoas participantes dos obradoiros duais de emprego, foi presentada solicitude por parte da empresa seguinte:

- CONSTRUCCIONES ELECTRICIDAD REDONDELA SA, A36111680 empresa do sector de CONSTRUCCIÓN, con domicilio en Estrada PAZOS DE BORBEN N°: 114 Lt: Esc: Pt: -

REDONDELA CP: 36818 Redondela, con correo electrónico a efectos de notificacións coersa@coersa-r.com, presenta solicitude POR IMPORTE DE 1.500 EUROS para a contratación dun alumno do Obradoiro de Emprego.

Segundo establece a Base Sexta da Convocatoria, relativa á xustificación e pagamento, o aboamento da subvención quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pago.

A ORDE do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, establece que a contratación terá unha duración dun mínimo de 3 meses a xornada completa, e deberá comezar con carácter xeral, nos quince días seguintes á finalización do obradoiro dual de emprego.

A documentación a presentar para o pagamento, é a seguinte:

1. Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo.
2. Copia dos contratos de traballo obxecto de subvención.
3. Documento acreditativo do alta dos traballadores no réxime correspondente da SS.

A empresa deberá aportar, ademais:

- Certificados de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social coa AEAT, coa Administración pública da Comunidade Autónoma (ATRIGA) ou co Concello de Vilagarcía de Arousa
- Certificado de titularidade de conta bancaria

Transcorrido o prazo para a presentación da documentación acreditativa da subvención, a empresa manifesta telefonicamente que non se formalizou contrato de traballo con algún alumno do OE FORME 2023, polo que procede denegar a concesión da subvención solicitada.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda denegar a axuda solicitada por Construcciones Electricidad Redondela SA.

PRP2024/4968

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2024, presentada por MATEO GAGO ALONSO, NIF: 35629115E, e domicilio de notificacións Avenida RODRIGO DE MENDOZA N°: 12, 2 D, 36600- Vilagarcía e dirección e-mail a efectos de notificacións mateo.gago.12@gmail.com, infórmase

- Que o solicitante, presenta, como único gasto para o que solicita a solicitude axuda, o de adquisición dun equipo informático, aportando factura e xustificante do seu aboamento.

Segundo establece a BASE SEGUNDA da convocatoria, relativa aos gastos de aluguer de local, vehículo industrial, aplicacións informáticas e equipos informáticos, será subvencionable o 50% do custo aluguer de calquera destes conceptos sempre que o elemento alugado sexa imprescindible para a realización da actividade da empresa.

A compra do equipo informático, por tanto, non é subvencionable nos propios termos da convocatoria, razón pola que procede a desestimación da solicitude de axuda formulada.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda denegar a axuda solicitada por D. Mateo Gago Alonso.

PRP2024/4970

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2024, presentada por MARIO AMIGO LORENZO, NIF: 36144418X , e domicilio de notificacións Rúa ALVARO CUNQUEIRO Nº: 2 4 Pt: A - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600 e dirección e-mail a efectos de notificacións inalobasl@hotmail.com, infórmase:

- Que o solicitante, presenta, como único gasto para o que solicita a solicita axuda, o de adquisición dunha furgoneta para reparto, aportando factura e xustificante do seu aboamento.

Segundo establece a BASE SEGUNDA da convocatoria, relativa aos gastos de aluguer de local, vehículo industrial, aplicacións informáticas e equipos informáticos, será subvencionable o 50% do custo aluguer de calquera destes conceptos sempre que o elemento alugado sexa imprescindible para a realización da actividade da empresa.

A compra do vehículo, por tanto, non é subvencionable nos propios termos da convocatoria, razón pola que procede a desestimación da solicitude de axuda formulada.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda denegar a axuda solicitada por D. Mario Amigo Lorenzo.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

MERCADOS

PRP2024/5012

Dáse conta do escrito presentado por D. José Quintáns Carmuega, con NIF 76929220Q, solicitando un posto de venda ambulante, no mercado dos martes e sábados.

Dáse conta de inform do Xefe de Mercados, no que se indica que:

Actualmente está feita a regulación da venda ambulante no mercado deste Concello, solicitando os vendedores ambulantes a licenza correspondente, previa a presentación da documentación esixida, en base ao Regulamento Municipal de Venda Ambulante, de data 20 de novembro de 2018, dita documentación se presenta no período comprendido entre o 15 de xaneiro e o 15 de febreiro, e sempre polo período de un ano.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda denegar a autorización solicitada, por estar fóra do prazo preceptuado no Regulamento de Venda Ambulante, e en espera se despois da próxima renovación de licenzas de venda ambulante, se licita algún posto libre do mercado.

PRP2024/5014

Dáse conta do escrito presentado por D. Alexandre Marín Hernández, con NIF 35674283H, solicitando un posto de venda ambulante, no mercado dos martes de 6 ou 8 metros, para venda de calzado.

Dáse conta de inform do Xefe de Mercados, no que se indica que:

Actualmente está feita a regulación da venda ambulante no mercado deste Concello, solicitando os vendedores ambulantes a licenza correspondente, previa a presentación da documentación esixida, en base ao Regulamento Municipal de Venda Ambulante, de data 20 de novembro de 2018, dita documentación se presenta no período comprendido entre o 15 de xaneiro e o 15 de febreiro, e sempre polo período de un ano.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda denegar a autorización solicitada, por estar fóra do prazo preceptuado no Regulamento de Venda Ambulante, e en espera se despois da próxima renovación de licenzas de venda ambulante, se licita algún posto libre do mercado.

PRP2024/5015

Dáse conta de escrito presentado por D. Jacobo López Castro, solicitando o cambio de titularidade a favor do seu pai D. Felix López García, dos postos nº 4,5,6 da praza do Peixe de Vilagarcía de Arousa, por motivos de enfermidade.

Dáse conta do informe do Xefe de Mercados, no que se indica que de conformidade co disposto no Artº 22.5 do Regulamento Municipal das Prazas de Abastos do Concello de Vilagarcía de Arousa, referente á transmisibilidade das concesións: no caso de falecemento, enfermidade grave ou que lle impida a continuación no desenvolvemento da actividade obxecto da concesión ou xubilación do/a titular, poderase solicitar o cambio de titularidade da concesión a favor das persoas cun grao de parentesco de primeiro grao de familiaridade ou afinidade, que poderán continuar coa explotación do posto ou espazo, nos termos previstos no artigo 20, que fai referencia á duración das concesións. O devandito cambio non terá custo para a continuidade da explotación do posto. Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o cambio de titularidade da concesión dos postos nº 4-5-6 de Jacobo López Castro a Felix López García, polos motivos expostos, e nas condicións que determina o Regulamento Municipal das Prazas de Abastos.

SANIDADE

PRP2024/4992

Dáse conta de informe da Coordinadora do SPAD, no que indica que con data do día 26 de agosto de 2024 notificase a esta dirección que a FEGAMP asinou o convenio polo que se otorgan axudas aos concellos para os gastos derivados do desenvolvemento de programas de asistencia e persoas con trastornos aditivos.

Comunica que a Federación Galega de Municipios e Provincias procedeu a abonar a cantidade de 384.120,31 euros que se recolle como anticipo segundo o estipulado no Convenio para a realización de programas de atención e protección da saúde e que corresponde ao 100% da subvención asignada.

A orde de pago foi dada o 16 de decembro de 2024, polo que o ingreso deberá recibirse nos días posteriores.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

CULTURA

PRP2024/4974

Dáse conta de Proposta do Servizo de Normalización Lingüística en relación coa actividade de dinamización lingüística "Club de Debate " (curso 2024-25 XII Edición), indicando que se trata dun proxecto de dinamización lingüística dirixido á mocidade no que participan varios concellos galegos en colaboración cos centros de ensino secundario A este programa apúntanse os centros e coordínase nos servizos de normalización lingüística municipais dos concellos participantes. Est e torneo por equipos pretende favorecer o uso do galego en contextos formais e informais, pero tamén atende cuestións como o traballo en equipo e o fomento do pensamento crítico, da tolerancia e da diversidade de opinións.

Na data de inscrición solicitan participar tres equipos de tres centros:

- IES O Carril
- CPR Plurilingüe Sagrada Familia (Filipenses)
- IES Armando Cotarelo Valledor.

A primeira actividade do proxecto celebrarase na semana do 13 de xaneiro de 2025. Trátase dunha

xornada de formación conxunta para todos os equipos e o persoal formador , e vai ter lugar e n Pontevedra A segunda actividade está prevista para a semana do 24 de febreiro en Ribeira. Toda vez que o Concello se compromete a correr cos gastos dos desprazamentos necesarios para o desenvolvemento do programa.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobado a previsión de gasto por importe de 8.000,00 euros para o proxecto Club de Debate XII edición , con cargo á partida 334.22637

Segundo. A probar o gasto de 1.000,00 euros en concepto de desprazamento, consonte o orzamento presentado por Empresa Pereira SL.

PRP2024/4923

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a compra de 3.000 kg. de caramelos para as festas do nadal, por un importe total de 14.256,00 €, con cargo á partida 338.22199, coa seguinte desagregación:

NOME FISCAL	CIF	CONCEPTO XERAL	IMPORTE
DISTRIBUCIONES E. CARBALLO SL	B32007346	1.500 KG. CAMELO BLANDO (DUPONT)	7.920,00 €
EDICIONES Y PRODUCCIONES EMPRESARIALES SAU (EDIPREM)	A36751287	1.500 KG. CAMELO DURO	6.336,00 €
		TOTAL GASTO (ESTIMATIVO)	14.256,00 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4925

Vista a solicitude de Dona Maria Mercedes Lourdes Duran Pereira, en representación do Gato Negro de Carril, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración do Nadal co desenvolvemento de diversas actividades:

- Actuación da Asociación Cultural Malveiras, o día 22 de decembro de 2024, por un importe de 391,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2024/4926

Vista a solicitude de Dona Ana Isabel Abalo Cespón, en representación da Asociación Veciñal e Cultural O Souto de Rubiáns, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da XII Exposición da Camelia en Rubiáns, os días 11 e 12 de xaneiro de 2025:

- Actuación do Grupo de Gaitas do Centro Cultural e Deportivo Santa Plácida, o día 11 de

xaneiro de 2025, por un importe de 391,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade

CONTRATACIÓN

PRP2024/4964

Pola Consellería de Facenda e Administración Pública envíase borrador de documento administrativo de aceptación da prórroga para o ano 2025 da cesión do dereito de uso temporal, a título gratuito dun local de titularidade do Concello, aos efectos de que se fagan as modificacións que se consideren oportunas.

Trátase dun local de 266 m2 localizado no inmovible situado na Avenida Matosinhos núm. 1, (edificio Matosinhos) no concello de Vilagarcía de Arousa, que forma parte do inmovible con referencia catastral 9254106NH1195N0001PG, comprometéndose a Consellería, entre outros, ao aboamento do 30,30% do importe total das facturas de electricidade, gas e auga.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o documento administrativo de aceptación da prórroga para o ano 2025 tal e como aparece redactado.

PRP2024/4965

Visto o estado no que se atopa o circuíto de coches de Radio Control de Trabanca Badiña, o cal presenta un exceso de vexetación e danos no seu percorrido que impiden poder realizar adestramentos e celebrar competicións nestas instalacións, que contan cunha lonxitude de 315 metros e unha superficie de rodadura de aproximadamente 1.450 m2, propónse realizar as obras necesarias para acondicionar este espazo para a súa utilización.

Co obxectivo de levar a cabo estas actuacións foi redactado polo arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuíña, o documento técnico denominado “Memoria valorada de obras de mantemento no Circuíto Radio Control Trabanca Badiña”. De conformidade co contido da referida memoria, as obras consistirán en:

- Limpeza con medios mecánicos e manuais da broza incrustada na pista.
- Carga e retirada da broza mediante Dumper a exteriores do circuíto.
